

INSTRUCCIÓN PARA A PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES EN CONCURSOS PARA A SELECCIÓN DE PDI NON PERMANENTE

1. Acceso á aplicación

Para poder presentar unha solicitude e concorrer a unha das prazas convocadas, a persoa interesada deberá acceder á aplicación a través da Sede Electrónica da USC. Dentro do catálogo de procedementos atópase o enlace á convocatoria de selección para a provisión de prazas de persoal docente e investigador contratado temporal. Pode acceder directamente a través do enderezo:

<https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/114/ver.htm>

e clicar na opción *Solicitude de inscrición na aplicación de procesos selectivos de PDI*:

Convocatoria de selección para a provisión de prazas de persoal docente e investigador contratado temporal

Solicitude para as convocatorias de selección para a provisión de prazas de persoal docente e investigador contratado temporal.

Identificación

Código: PSP-01/99
Nome: Convocatoria de selección para a provisión de prazas de persoal docente e investigador contratado temporal.
Clasificación: Xestión de persoal, Procesos de selección, Prazas de PDI contratado temporal.

Inicio e instrucións

O procedemento pode iniciarse nos seguintes puntos de entrada:

- Presentación de emendas no rexistro electrónico
- Solicitude de inscrición na aplicación de procesos selectivos do PDI

FINALIDADE

Este procedemento deséñase para que as persoas interesadas poidan solicitar a participación no procedemento selectivo de prazas de profesor contratado temporal.



A seguir, deberá identificarse mediante algún dos sistemas admitidos no procedemento (credenciais da USC, DNIe, certificados electrónicos, Cl@ve, etc.):

Servizo de identificación centralizado

O acceso a esta aplicación está restrinxido aos/as usuarios/as autorizados/as. Se vostede está autorizado/a para utilizar a aplicación debe introducir as súas credenciais.

Se vostede está autorizado/a para acceder a esta aplicación pero non consegue identificarse, consulte a [información dispoñible sobre identificación na USC](#) ou pónase en contacto co [Centro de Atención a Usuarios da USC](#).

Se vostede está subscrito ao programa de comunicación de cualificacións ao móbil pode [solicitar o envío ao móbil do seu contrasinal](#).

Credenciais da USC

Nome de usuario/a:

nome.apellido@usc.es ou nome.apellido@rai.usc.es

Contrasinal:

Avisar antes de abrir sesión noutras aplicacións

Outros métodos de identificación

Certificados electrónicos e DNIe
Para usuarios da USC ou cidadáns que dispoñan de certificados electrónicos no navegador ou en tarxetas como o DNIe.

Cl@ve
Identidade electrónica para administracións públicas españolas. Permite a identificación mediante rexistro previo, cl@ve PIN, cl@ve permanente e certificado electrónico.

Contas en aplicacións externas
Para usuarios que desexen acceder as aplicacións da USC coas credenciais dunha aplicación externa. Para acceder prema na icona da aplicación externa e, de ser preciso, cubra a información que se lle solicita.

Unha vez identificada correctamente, a persoa aspirante poderá seleccionar de entre as convocatorias abertas aquela na que está interesada en participar:

Convocatorias abertas para a selección de PDI				
Código I	Ano I	Denominación	Fin do prazo I	
0001/19-20	2019	Convocatoria concurso público de prazas de PDI contratado (concursos 1001 a 1082/19-20)	03/06/2019	Concursos

Móstranse 1 resultados de 1

Clicando no enlace *Concursos* poderá ver todas as prazas incluídas na convocatoria, seleccionar aquela que lle interese e iniciar o proceso de presentación da súa solicitude:

Datos xerais da convocatoria							
Ano	Código	Estado	Procedemento				
2019	0001/19-20	Aberta	Ordinario				
Data de inicio	Fin do prazo	Data de publicación					
20/05/2019	03/06/2019	16/05/2019					
Denominación	Enderezo de publicación da convocatoria						
Convocatoria concurso público de prazas de PDI contratado (concursos 1001 a 1082/19-20)	https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190516/AnuncioG2018-080519-0001_gl.html						
Listaxe de concursos da convocatoria							
Código I	Ano I	Categoría I	Área I	Departamento I	Fin do prazo I	Perfil do concurso	
1001/19-20	2019	Profesor Axudante Doutor	Biología Celular	Biología Funcional	03/06/2019	Biología da célula (G1021105)	Iniciar
1002/19-20	2019	Profesor Axudante Doutor	Ciencia Política e da Administración	Ciencia Política e Socioloxía	03/06/2019	Métodos en ciencia política (G3011103)	Iniciar
1003/19-20	2019	Profesor Axudante Doutor	Comunicación Audiovisual e Publicidade	Ciencias da Comunicación	03/06/2019	Modalidades de ficción e documental (G3041222)	Iniciar
1004/19-20	2019	Profesor Axudante Doutor	Xornalismo	Ciencias da Comunicación	03/06/2019	Técnicas de expresión oral e escrita aplicadas ao dereito (G3161109)	Iniciar
1005/19-20	2019	Profesor Axudante Doutor	Anatomía e Embrioloxía Humana	Ciencias Morfolóxicas	03/06/2019	Anatomía xeral e anatomía do aparato locomotor (G2051104)	Iniciar
1006/19-20	2019	Profesor Axudante Doutor	Anatomía e Embrioloxía Humana	Ciencias Morfolóxicas	03/06/2019	Neuroanatomía (G2051225)	Iniciar

Unha vez iniciado o proceso de presentación dunha solicitude, e a medida que esta se vaia completando, o borrador quedará gardado dentro do apartado *As miñas solicitudes* co fin de que a persoa interesada poida editalo e modificalo antes da súa presentación definitiva na Sede.

2. Elaboración da solicitude

2.1. Datos persoais do solicitante

Neste apartado a persoa interesada deberá cubrir un formulario cos seus datos persoais.

Ademais, a través do botón correspondente deberá achegar un ficheiro pdf cunha copia dixitalizada do seu documento de identidade.

No caso de que a persoa solicitante teña recoñecido un certo grao de discapacidade, poderá consignalo no recadro correspondente. Debe terse en conta que, de ser este o caso, esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente.

Para poder avanzar á seguinte pantalla, é necesario dar o consentimento para o tratamento dos datos persoais.

Datos persoais do solicitante

Datos persoais

Tipo de documento	Documento de identidade	
NIF	11111111A	
Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido
Xoana	Loureiro	Santiso
Sexo	Data de nacemento	
Muller	06/03/1986	
País de nacemento	Provincia de nacemento	Concello de nacemento
España	Ourense	Bande
Nacionalidade		
Espanol		
Grao de discapacidade (%)		
0		
Ficheiro PDF con copia dixitalizada do documento de identidade/pasaporte		
DNI.pdf		Seleccionar ficheiro

Regulamento de datos persoais

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e co Regulamento UE 2016/679, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola USC no tratamento denominado "Persoal" cuxa finalidade é a xestión de expedientes administrativos de persoal, cálculo de nóminas e Seguridade Social e xestión de persoal. O órgano responsable do devandito tratamento é a Xerencia ante o que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade, na Casa da Balconada; rúa Nova nº 6; 15782 Santiago de Compostela, mail: xerente@usc.es, teléfono 881811010. O Delegado de Protección de Datos é José Julio Fernández Rodríguez, dpd@usc.es A base de xustificación deste tratamento é a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (Lei Orgánica de Universidades e na Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamento oposición e portabilidade a través de Sede Electrónica en <https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm>. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna. Os datos serán conservados durante o período no que se realice a finalidade para a que foron recollidos, ou o tempo necesario para cumprir coas obrigacións legais. Cumprida a finalidade, os datos que non formen parte da prestación do servizo público bloquearanse ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pódese consultar en <http://www.usc.es/gi/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html>

Dou o meu consentimento

Seguinte

2.2. Enderezo postal e medios de aviso

Na seguinte pantalla, a persoa solicitante deberá indicar os seus datos de contacto (enderezo postal, enderezo electrónico e número de teléfono móbil). Non obstante, cómpre ter en conta que as notificacións persoais se realizarán mediante notificacións electrónicas por comparecencia en sede. Os medios de aviso que se indiquen utilizaranse para enviar unha comunicación no caso de que sexa necesario acceder a unha notificación persoal.

Enderezo postal e medios de aviso

Enderezo postal

País España	Provincia A Coruña	Concello Santiago de Compostela	Código postal 15702
-----------------------	------------------------------	---	-------------------------------

Liña 1 do enderezo
Rúa do Hórreo 235 8º Esq.

Liña 2 do enderezo
Liña 2 do enderezo

Medios de aviso das notificacións electrónicas

As notificacións persoais realizaranse mediante notificacións electrónicas por comparecencia en sede. Indique os medios de aviso para enviarlle mensaxes advertindo da posta a disposición.

Correo electrónico @ nome.apellido@empresa.com	Teléfono móbil +34123123123
--	---------------------------------------

Débesse introducir o prefixo do país (+34).

2.3. Acreditación de requisitos

No caso de **concursos para prazas de Profesorado Axudante Doutor**, é necesario achegar copias dixitalizadas do título de doutor e da acreditación para Axudante Doutor ou para unha figura de profesorado ou corpo docente superior. Non será preciso achegar copia do título de doutor cando este foi obtido na USC:

Acreditación de requisitos

Só se deben acreditar títulos que non sexan da USC

Profesorado axudante doutor

Título de doutor	Acreditación para Profesor Axudante Doutor
<input type="button" value="Seleccionar ficheiro"/>	<input type="button" value="Seleccionar ficheiro"/>

No caso de **concursos para prazas de Profesorado Asociado**, deberase achegar copia dixitalizada do título que se esixa na convocatoria para a praza en concurso. Ademais haberá que achegar tamén copia dos documentos que acrediten, nos termos esixidos na convocatoria, o exercicio de cando menos tres anos de actividade profesional nos últimos cinco anos, fóra do ámbito universitario, nun traballo relacionado cos contidos da actividade docente que se pretende desenvolver. Non será preciso achegar copia dos títulos cando estes foran obtidos na USC:

Acreditación de requisitos

Só se deben acreditar títulos que non sexan da USC

Profesorado asociado

Titulación que estableza a convocatoria

 Seleccionar ficheiro

Acreditación de tres anos de actividade profesional nos últimos cinco anos fóra do ámbito académico universitario, e relacionada cos contidos da actividade docente que se pretende desenvolver.

 Seleccionar ficheiro

Ademais, con independencia do tipo de praza de que se trate, as persoas solicitantes deberán acreditar o coñecemento das dúas linguas oficiais na USC. Polo que refire ao español, a acreditación mínima esixida é dun nivel B2. En calquera caso, só deberán acreditar o seu coñecemento os nacionais de estados que non teñan o español como lingua oficial. No caso do galego, deberase acreditar o seu coñecemento cun certificado CELGA3 ou superior. De non se poder acreditar documentalmente no momento da presentación da solicitude, aplicarase o establecido na base 4.c da convocatoria:

Acreditación de coñecemento das linguas oficias na USC

Español

 Seleccionar ficheiro

Só deben acreditalo as persoas nacionais de estados que non teñan o español como lingua oficial.

Galego

 Seleccionar ficheiro






De non se acreditar documentalmente, aplicarase o disposto na base 4.c da convocatoria.

2.4. Rendemento académico

Deberanse identificar e completar os datos correspondentes ás titulacións que serán avaliadas dentro deste apartado. Ademais, teranse que achegar as certificacións académicas oficiais en que consten as cualificacións obtidas en cada materia e a convocatoria en que estas foron superadas. No caso de estudos cursados na USC, non será preciso achegar esta certificación:

Documento de identidade 11111111A	Nome Xoana Loureiro Santiso
Expediente académico	
País España	Universidade Universidade Complutense de Madrid
Tipo da titulación Grao	Nome da titulación Grado en Estudios Ingleses
Data de obtención do título 30/06/2010	
Documentación acreditativa (só para títulos que non se obtiveron na USC)	
<input type="text"/> Seleccionar ficheiro	
<input type="button" value="Gardar"/> <input type="button" value="Eliminar"/> <input type="button" value="Cancelar"/>	

No caso do título de doutor, completaranse os datos solicitados pola aplicación e achegarase o título ou certificación supletoria correspondente. Non será preciso achegar o título ou a certificación se foron expedidos pola propia USC. Cómpre ter en conta que, se a tese ou o doutoramento ten algunha mención de calidade, é necesario facelo constar neste apartado e achegar a acreditación correspondente:

Documento de identidade	Nome
11111111A	Xoana Loureiro Santiso
Título de doutor	
País	Universidade
España	Universidade de Santiago de Compostela
Campo de coñecemento	
Lingüística	
Data de obtención do título	
09/02/2018 	
Documentación acreditativa (só para títulos que non se obtiveron na USC)	
 <input type="text"/> <input type="button" value="Seleccionar ficheiro"/>	
Tipo de mención de calidade	
Doutoramento internacional 	
Mención de doutoramento internacional	
Data de obtención da mención	
09/03/2018 	
Documentación acreditativa (só para mencións que non se obtiveron na USC)	
 <input type="text"/> <input type="button" value="Seleccionar ficheiro"/>	
<input type="button" value="Gardar"/>	<input type="button" value="Cancelar"/>

2.5. Traxectoria académica

Neste apartado deberán consignar todos os postos desempeñados no ámbito da Universidade ou de Organismos Públicos de Investigación **dentro dos dez anos anteriores** á convocatoria, tomando como referencia a data de remate de presentación de solicitudes.

Clicando no cadro correspondente a cada un dos tipos de actividade considerados (postos docentes, contratos predoutorais, contratos posdoutorais, etc.), ábrese unha nova ventá na que se deberán completar os datos que solicita a aplicación e achegar a documentación acreditativa correspondente:

Documento de identidade 11111111A	Nome Xoana Loureiro Santiso
Postos docentes universitarios	
País España	Universidade Universidade das Illas Baleares
Tipo Tempo parcial P6	Área de coñecemento Bioquímica e Bioloxía Molecular
Categoría Profesor/a interino/a de substitución	
Data de inicio 01/09/2017	Data de fin 31/08/2018
Documentación acreditativa (só para postos desenvolvidos fóra da USC)	
2018_FOLLA SERVIZOS.pdf Cambiar Borrar	
Gardar Eliminar Cancelar	

2.6. Calidade docente

No apartado correspondente á Calidade docente as persoas solicitantes poderán aducir un **máximo de cinco méritos obtidos nos dez anos anteriores** á convocatoria do concurso, tomando como data de referencia a de remate do período de presentación de solicitudes.

Os cinco méritos alegados pódense distribuír libremente nas diferentes categorías contempladas (Participación en actividades de formación docente, Elaboración de materiais docentes, Realización de estadias de formación docente, Participación en actividades de innovación docente).

A través da aplicación deberanse introducir os datos que permitan identificar e describir cada un dos méritos alegados e sinalar a data en que se obtiveron, así como achegar a documentación acreditativa correspondente. Para isto deben terse en conta as normas para a correcta acreditación dos méritos que figuran como anexo na convocatoria dos concursos:

Participación en actividades de formación docente	
Denominación da actividade	
<input type="text"/>	
Institución	
<input type="text"/>	
Data de inicio	Data de fin
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Resumo e indicios de calidade	
<input type="text"/>	
Documentación acreditativa	
<input type="text"/> Seleccionar ficheiro	
Gardar Cancelar	

2.7. Traxectoria investigadora

2.7.1. Publicacións científicas

Nos concursos para prazas de **Profesorado Axudante Doutor** poderase presentar un **máximo de 15 publicacións** científicas, das cales **un mínimo de dez deberán corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Nos concursos para prazas de **Profesorado Asociado** poderase presentar un **máximo de 10 publicacións** científicas, das cales **un mínimo de sete deberán corresponder aos dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para cada unha das publicacións presentadas deberase cubrir o correspondente formulario, no que se identificará con claridade a autoría do texto, o seu título, a publicación periódica ou volume en que foi publicado, a data de publicación, etc. Ademais, completarase a información cun resumo da contribución; coa indicación, no caso de traballos de autoría múltipla, da contribución concreta da persoa solicitante, e cunha referencia aos datos que poden ser indicadores da calidade do traballo.

Finalmente, canto ao procedemento para a acreditación dos méritos, deberanse ter en conta as normas de acreditación que figuran no anexo V da convocatoria.

Publicacións científicas

Tipo **Título**

Identificación da publicación **Ano de publicación**

Resumo e indicios de calidade

Documentación acreditativa Seleccionar ficheiro **OU** **DOI, referencia ao repositorio onde está publicado**

2.7.2. Participación en congresos e reunións científicas

Poderase presentar un máximo de **5 participacións en congresos**, que deberán corresponder aos **dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para cada unha das participacións deberase cubrir o correspondente formulario, no que se identificará con claridade a autoría, o tipo de participación (plenaria, comunicación, póster, etc.), a denominación do Congreso, e os demais datos que permitan identificar a participación realizada e, eventualmente, a súa publicación. Ademais, deberase completar a información cun resumo do traballo; coa indicación, no caso de traballos de autoría múltipla, da contribución concreta da persoa solicitante, e cunha referencia aos datos que poden ser indicadores da calidade do traballo.

Finalmente, canto ao procedemento para a acreditación dos méritos, deberanse ter en conta as normas de acreditación que figuran no anexo V da convocatoria.

Participación en congresos e reunións científicas

Tipo de participación **Nome do congreso ou reunión**

Identificación da publicación **Ano de publicación**

Resumo e indicios de calidade

Documentación acreditativa OU **DOI, referencia ao repositorio onde está publicado**

2.7.3. Participación como IP ou como investigador en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional

Poderase presentar un **máximo de 3 participacións en proxectos** de investigación competitivos, que deberán corresponder aos **dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para cada unha das participacións deberase cubrir o correspondente formulario, no que se identificará con claridade a denominación do proxecto, a institución en que se desenvolveu, o ámbito (autonómico, estatal,

internacional), o tipo de participación (IP, investigador, membro do equipo de traballo, etc.), e as datas de inicio e fin. Ademais, deberase completar a información cun breve resumo dos obxectivos e resultados do proxecto; coa indicación da contribución concreta realizada pola persoa solicitante, e cunha referencia aos datos que poden ser indicadores da calidade do proxecto.

Finalmente, canto ao procedemento para a acreditación dos méritos, deberanse ter en conta as normas de acreditación que figuran no anexo V da convocatoria.

Participación como IP ou como investigador en proxectos de investigación competitivos de ámbito autonómico, estatal ou internacional

Nome da actividade

Nome da actividade

País

País

Institución

Institución

Ámbito

Tipo de participación

Data de inicio

Data de inicio

Data de fin

Data de fin

Resumo e indicios de calidade

Resumo e indicios de calidade

Documentación acreditativa

Seleccional ficheiro

Gardar Cancelar

2.7.4. Participación como IP ou como investigador en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións

Poderase presentar un **máximo de 3 participacións en convenios e contratos** de investigación non competitivos, que deberán corresponder aos **dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para cada unha das participacións deberase cubrir o correspondente formulario, no que se identificará con claridade a denominación do convenio ou contrato, a institución en que se desenvolveu, o tipo de participación (IP, membro do equipo de investigación, etc.), e as datas de inicio e fin. Ademais, deberase completar a información cun breve resumo dos obxectivos e resultados do proxecto, coa indicación da entidade financiadora e da contribución concreta realizada pola persoa solicitante, e cunha referencia aos datos que poden ser indicadores da calidade do traballo.



Finalmente, canto ao procedemento para a acreditación dos méritos, deberanse ter en conta as normas de acreditación que figuran no anexo V da convocatoria.

Participación como IP ou como investigador en convenios e contratos de investigación non competitivos con empresas e institucións

Nome da actividade

Institución

Tipo de participación

Data de inicio  **Data de fin** 

Resumo e indicios de calidade

Documentación acreditativa

2.7.5. Realización de estadías de investigación

Poderase presentar un **máximo de 3 estadías de investigación**, que deberán corresponder aos **dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para cada unha das estadías deberase cubrir o correspondente formulario, no que se identificará con claridade a universidade ou centro de investigación en que se realizou e as datas do seu inicio e fin. Ademais, deberase indicar a finalidade e os resultados da estadía, así como calquera outro dato que poida ser considerado como indicio de calidade, como por exemplo o feito de que o solicitante contou con financiamento dalgunha institución para a realización da estadía.

Finalmente, canto ao procedemento para a acreditación dos méritos, deberanse ter en conta as normas de acreditación que figuran no anexo V da convocatoria.

Estadías de investigación

País
País

Institución
Institución

Data de inicio
Data de inicio

Data de fin
Data de fin

Finalidade da estadía
Finalidade da estadía

Documentación acreditativa
Seleccionar ficheiro

Gardar Cancelar

2.7.6. Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia

Poderase presentar un **máximo de 5 ítems**, que deberán corresponder aos **dez anos anteriores á convocatoria**, tomando como data de referencia a de remate do prazo de presentación de solicitudes.

Para cada un dos méritos alegados deberase cubrir o correspondente formulario, no que se identificará con claridade a denominación do mérito presentado, a data de obtención e a súa descrición.

Finalmente, canto ao procedemento para a acreditación dos méritos, deberanse ter en conta as normas de acreditación que figuran no anexo V da convocatoria.

Patentes, rexistros da propiedade intelectual e outras actividades de transferencia

Denominación
Denominación

Data
Data

Descrición
Descrición

Documentación acreditativa
Seleccionar ficheiro

Gardar Cancelar

2.8. Experiencia profesional



Neste apartado deberase consignar a actividade profesional desenvolvida fóra do ámbito da Universidade **dentro dos dez anos anteriores** á convocatoria, tomando como referencia a data de remate de presentación de solicitudes.

Para cada unha das actividades realizadas deberase cubrir o correspondente formulario, no que se indicará o tipo de actividade, a denominación e as datas de inicio e fin. Ademais, deberase achegar a documentación acreditativa dos méritos alegados, para o que se deberán ter en conta as normas de acreditación de méritos que figuran no anexo V da convocatoria.

Actividade profesional non universitara

Tipo de actividade

Denominación

Data de inicio  **Data de fin** 

Documento acreditativo do mérito

Gardar **Cancelar**

2.9. Outros méritos




Neste apartado poderase consignar un **máximo de sete méritos** non valorables nos apartados anteriores.

Para cada un dos méritos alegados deberase cubrir o correspondente formulario, no que se indicará o tipo de actividade de que se trate, a súa denominación e as datas do seu inicio e fin, ou ben da súa obtención. Ademais, deberase achegar a documentación acreditativa correspondente, para o que se deberán ter en conta as normas de acreditación de méritos que figuran no anexo V da convocatoria.

Outro mérito

Tipo de actividade

Denominación

Data de inicio  **Data de fin**  OU **Data de obtención** 

Documento acreditativo do mérito

Gardar **Cancelar**

2.10. Declaración responsable (prazas de Profesorado Axudante Doutor)

No caso dos concursos de prazas de Profesorado Axudante Doutor, as persoas solicitantes teñen que realizar unha declaración responsable na que deberán indicar se estiveron previamente contratadas como Axudante ou como Profesor/a Axudante Doutor/a, tanto na USC coma en calquera outra universidade. De responder afirmativamente, deberán indicar as datas de inicio e de finalización do(s) contrato(s):

Declaración responsable

Foi anteriormente Profesor/a Axudante ou Profesor/a Axudante Doutor/a na USC ou noutra universidade?

Si

Universidade	Tipo	Data de inicio do contrato	Data de fin do contrato	Accións
Universidade da Coruña	Profesor/a axudante doutor/a	2017-09-01	2018-08-31	<input type="button" value="✎"/> <input type="button" value="✕"/>

3. Validación e presentación da solicitude

Unha vez completada a solicitude, procederase á súa validación. A aplicación indicará as omisións e defectos detectados na solicitude co fin de que a persoa solicitante poida, se é necesario, corríxilos. Poderase tamén descargar un borrador da solicitude.

Validación da solicitude

Advertencias detectadas na solicitude

Apartado	Alerta	Accións
Acreditación de requisitos	Non se anexou a acreditación do título de doutor.	Editar
Acreditación de requisitos	Non se anexou a acreditación para profesor axudante doutor.	Editar
Acreditación de requisitos	Só deben acreditarse as persoas nacionais de estados que non teñan o español como lingua oficial.	Editar
Acreditación de requisitos	De non se acreditar documentalmente, aplicarase o disposto na base 4.c da convocatoria.	Editar
Rendemento académico	Non se anexou un ficheiro .pdf co expediente académico.	Editar

Borrador da solicitude para validar

[Descargar borrador](#)

A seguir, a persoa solicitante deberá indicar se é beneficiaria dalgún tipo de redución ou exención sobre os dereitos de exame. De ser así, deberase achegar a acreditación documental da circunstancia alegada. Ademais, deberase indicar un número de conta para o caso de que, de ser necesario, a Universidade poida devolverlle as cantidades ingresadas como dereitos de exame.

Finalmente, deberá manifestar a súa conformidade cunha declaración responsable relativa á veracidade dos datos consignados na solicitude.

Exencións

Importe dos dereitos de exame, sen exencións: 42.26 €

Tipo de exencion

Sen exención

IBAN para posibles devolucións

IBAN para posibles devolucións

Veracidade dos datos

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire esta solicitude e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso na función pública e especialmente os requisitos sinalados por esta convocatoria, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Conforme coa declaración responsable

Importe final da liquidación: 42.26 €

[Presentar solicitude](#)

Para presentar a solicitude deberase clicar no botón correspondente. Debe terse en conta que a partir dese momento non será posible xa modificar a solicitude.

Unha vez realizada a presentación da solicitude, a aplicación confirmará esta circunstancia e ofrecerá un enlace desde onde se poderá descargar a solicitude e o xustificante de presentación no rexistro electrónico:

Solicitude para o proceso de selección de PDI

Concurso número: 0001/19-20
Ano: 2019
Denominación: Profesorado axudante doutor
Concurso: 1001/19-20
Estado: Presentada
Data de presentación: 18/05/2019
Xustificante de presentación no rexistro electrónico: <https://probasaplicacions.usc.es/csv/5C64-B35E-4B47-8C52>
Solicitude: <https://probasaplicacions.usc.es/arquivo/6d5bc392255c52f4be2761eec3de3fd0>

Pagamento de taxas

Pode pagar as taxas en liña mediante tarxeta bancaria ou presentando a liquidación na entidade bancaria indicada no pé deste documento.
Importe dos dereitos de exame, sen exencións: 42.26 €
Importe final da liquidación: 42.26 €
Estado do pagamento das taxas: Pendente
Data de pagamento: -

A seguir, a persoa interesada deberá elixir a forma de pagamento dos dereitos de exame. Se se desexa pagar en efectivo, deberase seleccionar a opción *Documento para pagar en oficina bancaria*, imprimir o documento pdf xerado e pagar a cantidade correspondente nunha oficina bancaria de Abanca. Se se desexa pagar con cartón bancario, deberase seleccionar a opción *Pagar con tarxeta* e completar o procedemento. En ningunha das dúas modalidades de pagamento é necesario entregar un xustificante na Universidade, pois as entidades bancarias envían esta información de forma automatizada. Por outra banda, debe terse en conta que as persoas aspirantes que non aboan os dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes quedarán excluídas do procedemento, tal e como se establece nas bases da convocatoria.